

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 4 DE MARZO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 13:30 horas do día 4 de marzo de 2019, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 28 de febreiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidenta:** D^a. María José Caride Estévez
- Vocais:** D^a. María Isabel Fernández Gabriel
D. Alberto Escariz Couso
D. José Riesgo Boluda
- Secretaria:** D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral dos elementos mecánicos ao intemperie do Concello de Vigo (29-441)

A secretaria le o certificado expedido polo Rexistro Xeral que se transcribe a continuación:

“Que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo, para a presentación de proposicións, publicado na Plataforma de Contratación do Estado o 13-02-2019, para a contratación por procedemento aberto do “mantemento dos elementos de mobilidade do Concello de Vigo, detallados no apartado 12 desta FEC, de acordo coas especificacións técnicas recollidas no prego de prescricións técnicas particulares. EXPTE. 29-441” que rematou o día 28 de febreiro do presente ano, e consultada a aplicación informática de xestión de expedientes, presentáronse as seguintes empresas:

1. THYSSENKRUPP ELEVADORES, S.L.U.
2. SCHINDLER, S.A.

Así mesmo, o 28 de febreiro, recibíuse un fax da empresa ASCENSORES ENOR, S.L., na que indicaban que non eran capaces de enviar a proposta a través do portal de contratación, recibíndose a súa oferta a través do rexistro electrónico do Concello o día 1 de marzo, así como a pegada dixital xerada”.

A secretaria comunica aos membros da Mesa que o 28 de febreiro de 2019, último día do prazo de presentación de ofertas, o Servizo de Contratación recibiu un correo electrónico remitido por GP ENOR ES CONSERVACION no que achegaban o sobre electrónico así como un pantallazo do proceso de presentación telemática da oferta en PLYCA por Ascensores Enor, S.L. “rematado con erros” (“erro no rexistro da pegada electrónica”).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 20:07	Páxina 1 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA74H-E8EA51-D2244B-JT7HH8-3R2AG7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo a cláusula 14 do PCAP

“No suposto de que, por razóns técnicas de comunicación, non imputables ao licitador, non puidese facerse efectiva a entrega da proposición mediante a canle electrónica, o software PLYCA Empresas, xerará un código específico de verificación (HASH) “pegada dixital” que se mostrará en pantalla, antes de realizar o envío. Este código deberá ser remitido por FAX ao nº 986 226 206 e por correo electrónico a contratacion@vigo.org, ou entregado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo sito na Praza do Rei s/n Vigo.

O sobre electrónico xerado na plataforma coa oferta, asinado, deberá ser entregado en soporte electrónico, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo no prazo das 24 horas posteriores á data límite de presentación das proposicións. En ningún caso deberán presentarse documentos non encriptados. A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador”.

Se ben ASCENSORES ENOR, S.L. non presentou a pegada dixital dentro do prazo de presentación de ofertas, senón no prazo das 24 horas seguintes xunto co sobre electrónico e a través do Rexistro xeral como esixe o PCAP, si presentou dentro do prazo de presentación de ofertas o sobre electrónico por fax a Rexistro e por correo a Contratación. Coa presentación do sobre electrónico por correo e fax dentro do prazo de presentación de ofertas o Concello ten plena constancia de que a oferta foi elaborada dentro do prazo de presentación de ofertas. Aclárase que o sobre electrónico é a oferta encriptada, polo que en todo momento se garantiu o segredo.

Comunícase que o Servizo de Contratación comprobou que o sobre electrónico presentado o 1 de marzo por ASCENSORES ENOR, S.L. é o mesmo que o enviado por correo electrónico o 28 de febreiro. Así mesmo, compróbase na mesma sesión, a través da aplicación licitación electrónica -PLYCA-, que a pegada dixital se corresponde co sobre electrónico.

Pregúntase aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores, e ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á desencriptación dos documentos que compoñen o sobre A “Documentación persoal”.

Na documentación presentada pola empresa ASCENSORES ENOR, S.L. non se declara que posúa os certificados esixidos no apartado 5C do Anexo I do PCAP. No entanto, a Mesa pode comprobar que si posúe os tres certificados requiridos (ISO 9001, ISO 14001 e ISO 18001 (OHSAS) ao estar publicados na páxina oficial da empresa. Incorpóranse polo Servizo de Contratación os referidos certificados no expediente.

Tras a cualificación da documentación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. THYSSENKRUPP ELEVADORES, S.L.U.
 2. SCHINDLER, S.A.
 3. ASCENSORES ENOR, S.L.

3.- Apertura da documentación técnica



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 20:07	Páxina 2 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA74H-E8EA51-D2244B-JT7HH8-3R2AG7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral dos elementos mecánicos ao intemperie do Concello de Vigo (29-441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descrición dos documentos que compoñen o sobre B *"Proposición avaliable mediante xuízo de valor"* dos licitadores presentados e admitidos.

A documentación presentada pola empresa ASCENSORES ENOR, S.L. non se pode abrir porque require dun contrasinal.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda conceder un prazo de tres días a ASCENSORES ENOR, S.L. para que facilite o contrasinal que permita abrir a súa proposición avaliable mediante xuízo de valor. Co obxecto de non atrasar a tramitación do expediente, se a proposición avaliable a través de fórmula tamén requirise dun contrasinal deberán facilitalo igualmente para que a Mesa poida, no momento que proceda, descrición as ofertas de todos os licitadores presentados.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 14:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 20:07	Páxina 3 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA74H-E8EA51-D2244B-JT7HH8-3R2AG7-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		